

1. Segundo o establecido no artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cal destas funcións correspóndelle ao Parlamento de Galicia?:

- A) Solicitar do Goberno a adopción de proposicións de lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proxectos de Lei.
- B) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Deputados representantes da Comunidade Autónoma Galega.
- C) Lsixer, no seu caso, responsabilidade administrativa á Xunta e ao seu Presidente.
- D) Controlar a acción executiva da Xunta de Galicia.

2. O artigo 75 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de sanidade de Galicia, establece que corresponde ao Consello da Xunta de Galicia o exercicio da seguinte competencia :

- A) A aprobación das directrices de política sanitaria da Xunta de Galicia.
- B) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) A planificación, xeración, posta a disposición e avaliación dos recursos necesarios para a prestación de servizos sanitarios dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) A inspección sanitaria no seu ámbito competencial.

3. Segundo o establecido no artigo 53.2 da Constitución Española, cal dos seguintes dereitos NON podería ser obxecto de protección mediante o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional?:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) A obxección de conciencia.
- C) O dereito á liberdade ideolóxica.
- D) O dereito a circular polo territorio nacional.

4. O artigo 50 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde indica que durante a xornada de traballo deberá establecerse un período de descanso non inferior a 15 minutos:

- A) Sempre que a duración dunha xornada exceda de cinco horas continuadas.
- B) Sempre que a duración dunha xornada exceda de catro horas continuadas.
- C) Sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas.
- D) Sempre que a duración dunha xornada exceda de sete horas continuadas.

5. O artigo 23 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que nun concurso-oposición a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder:

- A) Do corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.
- B) Do sesenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.
- C) Do cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.
- D) Do trinta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

6. O artigo 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que a organización territorial propia de Galicia regularase por:

- A) Un decreto da Xunta de Galicia.
- B) Un decreto do Parlamento de Galicia.
- C) Unha lei da Xunta de Galicia.
- D) Unha lei do Parlamento de Galicia.

7. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cando o paciente esté circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, o consentimento corresponderá por substitución aos familiares, dando preferencia:

- A) Ao cónxuxe ou, no seu caso, a quen teña a condición legal de parella de feito.
- B) Aos proxenitores.
- C) Aos familiares de maior idade.
- D) Aos familiares de grao máis próximo e, dentro do mesmo grao, aos que exerzan de cuidadores.

8. Segundo o establecido no artigo 12 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeneral de sanidade, quen orientarán as políticas de gasto sanitario en orde a corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos Servizos Sanitarios Públicos en todo o territorio español?:

- A) O Goberno.
- B) Os poderes públicos.
- C) O Ministerio de Sanidade e Consumo.
- D) As Cortes Xerais.

9. Que artigo da Constitución Española recoñece o dereito á protección da saúde?:

- A) O artigo 43.
- B) O artigo 42.
- C) O artigo 32.
- D) O artigo 34.

10. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero prevé a creación dun órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolva en Galicia. Cal é ese órgano?

- A) O Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.
- B) O Observatorio Galego da Violencia de Xénero.
- C) A Comisión Interdepartamental da Igualdade.
- D) O Servizo Galego para a Promoción do Home e da Muller.

1. Señale a resposta correcta. Segundo o establecido no artigo 13 da Constitución Española:

- A) Todas as persoas gozarán en España das liberdades públicas que garante o Título I da Constitución Española nos termos que establezan os tratados e a lei.
- B) Os estranxeiros serán, en todo caso, titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23 da Constitución Española.
- C) Soamente os españois serán titulares do dereito a acceder a cargos públicos recoñecido no artigo 23 da Constitución Española, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.
- D) Todas as persoas serán titulares do dereito a acceder a cargos públicos recoñecido no artigo 23 da Constitución Española, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións nacionais.

2. Segundo o disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, para as eleccións ao Parlamento de Galicia a circunscrición electoral será, en todo caso:

- A) O municipio.
- B) A comarca.
- C) A provincia.
- D) A parroquia.